

A RAPOSA E O GALO

Unha raposa pillou un galo e ía con el por unha leira arriba.

O galo ía dicindo sen parar:

— ¡Xeou! ¡Xeou!

A raposa aborreceuse de oílo sempre coa mesma cantinela e foi e díxolle:

—Se xeou que xease.

Ao abrir a boca a raposa o galo voou para un Carballo quedando a raposa máis amolada ca se lle arrincaran o rabo.

Deu unhas cantas voltas arredor do rebolo e, despois, púxose a fregar o rabo contra el coma se fose un serrón, dicindo:

—Corta, rabo, comerás galo. Corta, rabo, comerás galo...

Mais o galo non voou do rebolo embaixo co medo de que a raposa o cortase, que era o que ela buscaba, senón que se puxo a cantar:

—Deus che me libre de fouce ou machado que rabo de raposa non corta carballo.